



Os forxados de madeira e as paredes ou tabiques secos pódense illar facilmente.

O illamento acústico

40. Como é o ruído?

Nas vivendas podemos distinguir dous tipos de ruído: o ruído aéreo e o ruído de impacto. O primeiro prodúcese nas conversacións altas, a televisión ou os aparatos de música e transmítese polo aire. O de impacto é producido por taconeos, golpes ou vibracións sobre o pavimento ou sobre as estruturas, e transmítese pola materia.

41. Nas casas antigas aínda hai máis ruídos?

A crenza de que nas casas de placa de formigón óense menos ruídos que nas casas de madeira non é certa. Quizais se atenúan certos ruídos de impacto, pero escóitanse moito máis os ruídos aéreos, como as conversacións, os ruídos dos baños ou a música de veciños, mesmo dos máis distantes. En ambos os casos, para defenderse do ruído, necesítase recorrer aos illamentos acústicos.

42. Como se evitan os ruídos?

Nas armazóns de madeira podemos actuar por enriba ou por debaixo. Por enriba, introducindo un sistema illante apoiado sobre unha lámina elástica e absorbente baixo o pavimento para que non estea en contacto coa estrutura de vigas e pontóns. Por debaixo é máis fácil de solucionar, colgando un falso teito formado por dúas placas de cartón-xeso ou fibra-xeso e, sobre el, unha manta de fibra de vidro como absorbente. Estas placas é mellor que estean suxeitas con suspensións elásticas á estrutura principal da armazón para que sexa máis difícil transmitir os ruídos de impacto. Os resultados son bos. As alfombras tamén contribúen a facilitar a convivencia, pois absorben os ruídos dos nosos pasos. No conxunto, é importante tamén o illamento nos tabiques e entender o illamento acústico como un único sistema.